



Galicia, a economía en dixital. **A Sociedade da Información nas empresas de Galicia**

Edición 2025



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Xacobeo  **2027**

Edita: Xunta de Galicia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2026

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons Atribución

Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)

Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

Galicia. A economía en dixital. A Sociedade da Información nas empresas de Galicia

Edición 2025

Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización
de Galicia (OSIMGA)

Xunta de Galicia

Consellería de Facenda e Administración Pública

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)
Santiago de Compostela
2026

ÍNDICE DE CONTIDOS

ÍNDICE DE CONTIDOS.....	4
INTRODUCCIÓN.....	5
1. Caracterización do sector empresarial galego.....	8
2. Uso das TIC e Comercio Electrónico nas empresas galegas.....	14
2.1. Equipamentos e conectividade	16
2.2. Talento Dixital: especialistas e perfís TIC	24
2.3. Dixitalización da organización e xestión das empresas.....	29
2.4. Tecnoloxías disruptivas	46
2.5. Prácticas medioambientais.....	54
2.6. Gasto en TIC.....	58
3. Análise Sectorial.....	60
3.1. Equipamento e Conectividade.....	61
3.2. Talento Dixital: especialistas e perfís TIC nas empresas.....	63
3.3. Dixitalización da organización e xestión das empresas.....	64
3.4. Tecnoloxías disruptivas	69
3.5. Prácticas medioambientais.....	71
4. Análise por provincias	73
4.1. Equipamento e Conectividade.....	74
4.2. Talento Dixital: especialistas e perfís TIC nas empresas.....	76
4.3. Dixitalización da organización e xestión das empresas.....	77
4.4. Tecnoloxías disruptivas	82
4.5. Prácticas medioambientais.....	84
5. Conclusións.....	86
INDICE DE TÁBOAS E GRÁFICOS.....	88
ANEXO: DESCRICIÓN DE CNAES 2009.....	94

INTRODUCCIÓN

O informe da sociedade da información nas empresas de Galicia amosa o seguimento e a avaliación anual dos indicadores relativos á dixitalización das empresas galegas. É o instrumento para determinar a situación e a evolución dos equipamentos e usos das novas tecnoloxías e as comunicacións no sector produtivo.

Este proxecto ven enmarcado dentro dos obxectivos e estratexias da Estratexia Galicia Dixital 2030, en liña co obxectivo de “desenvolvemento do ecosistema dixital en Galicia”. A EGD2030 define nese contexto numerosas actuacións enmarcadas na “dixitalización empresarial, cambios dos procesos organizativos”. Moitos deses avances poden ser medidos e avaliados a través dos datos que se difunden neste informe.

O documento analiza a información estatística de microempresas e de empresas de 10 ou máis persoas traballadoras. En particular, examínanse aspectos relacionados co equipamento TIC e a conectividade a Internet, a integración de ferramentas dixitais na xestión empresarial, a dispoñibilidade e uso de páxina web, o comercio electrónico, a presenza nas redes sociais e a adopción de tecnoloxías emerxentes e innovadoras, como a intelixencia artificial, a análise masiva de datos ou os servizos na nube. Ademais, analízanse cuestións vinculadas ao teletraballo, ás ferramentas que o facilitan e ao uso do software libre nas empresas galegas.

Para as empresas de 10 ou máis traballadores/as ofrécese información diferenciada para dous segmentos en función da sede:

■ Empresas con sede en Galicia

■ Empresas con actividade en Galicia, aínda que a súa sede non se estableza na Comunidade Galega.

Este diagnóstico inclúe tamén información comparativa por número de empregados/as, actividade económica e por provincias.

Na edición de 2025 da enquisa destácase a actualización e ampliación dos apartados relativos á intelixencia artificial, ao teletraballo, ao comercio electrónico, ao uso, intercambio e analítica de datos e aos servizos de computación na nube. Así mesmo, engádese un novo módulo específico dedicado ás TIC e ao medio ambiente, que permite afondar no estudo da contribución das tecnoloxías dixitais á sustentabilidade empresarial.

O módulo de medio ambiente xa se incluía no pasado, en 2022, pero só se conservan tres indicadores, os únicos dos que se presentarán gráficas evolutivas. Tratan sobre o uso dos equipamentos tic cando rematan o seu uso; son:

- Reciclan equipos tic en contenedores.
- Manteñen os equipos TIC para repostos.
- Devolven ou doan equipos TIC que non usan.

Pola contra, para ningún dos indicadores de Cloud Computing que se medirán neste informe se dispón de datos de 2022, xa que o cuestionario dese ano elaborado polo INE non as incluía. Deste xeito, a gráfica evolutiva vai de 2021 a 2025 pero exclúe 2022.

Maior eficiencia e coordinación da actividade estatística

Este estudo foi elaborado no marco do convenio de colaboración, asinado entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), o Instituto Galego de Estatística (IGE) e o Instituto Nacional de Estatística (INE) para optimizar a recollida dos datos relativos á Sociedade da Información nas empresas galegas.

O acordo de colaboración asinado permite a OSIMGA acceder aos datos da Enquisa de uso TIC e comercio electrónico nas empresas, que realiza o INE e son transferidos a través do IGE. Ademais, o acordo establece a ampliación dos datos que publica o INE no que se refire a:

- Ampliación de datos relativos ás microempresas galegas
- Explotación específica realizada polo IGE de datos relativos ao uso do Comercio Electrónico nas empresas galegas.
- Obtención, a través do IGE, de datos das empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na nosa comunidade, ofrecendo datos complementarios aos que actualmente proporciona o INE.
- Desagregacións por provincias e sectores de actividade.

Con este convenio de colaboración evítase a duplicidade de enquisas, atendendo aos criterios de máxima eficiencia, eficacia e austeridade na estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica.



1. CARACTERIZACIÓN DO SECTOR EMPRESARIAL GALEGO

No ano 2025, Galicia conta cun total de 186.951 empresas. Delas, o 95,8% son microempresas, é dicir, teñen entre 0 e 9 persoas traballadoras, e son mais de 179 mil entidades. Ademais, o sector servizos continúa sendo o predominante, ao concentrar o 81,3% do total das empresas galegas, con 152.033 empresas.

1. Caracterización do sector empresarial galego



Neste primeiro capítulo analízanse as principais características estruturais do tecido empresarial galego, considerando variables como o tamaño das empresas, a actividade económica desenvolvida

e a súa forma xurídica. Para iso, emprégase como fonte de referencia o Directorio Empresas (DIRCE) do Instituto Nacional de Estatística (INE).¹

Durante o ano 2025, o número de empresas en Galicia ascendeu a 186.951, o que supón un incremento do 0,8% respecto ao ano anterior. A gran maioría das empresas galegas son microempresas (95,8%), teñen por tanto de 0 a 9 empregados/as.

C.1 Empresas con sede en Galicia


(Total de Empresas)

Total	186.951
Sen asalariados/as	98.176
De 1 a 2 asalariados/as	54.731
De 3 a 5 asalariados/as	18.733
De 6 a 9 asalariados/as	7.470
De 10 a 19 asalariados/as	4.357
De 20 a 49 asalariados/as	2.333
De 50 a 99 asalariados/as	637
De 100 a 199 asalariados/as	270
De 200 ou máis asalariados/as	244

Fonte: INE, Directorio central de empresas 2025

G.1. Estrato de Asalariados/as

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)



Fonte: INE, Directorio central de empresas 2025

¹ <https://www.ine.es/jaxiT3/Tabla.htm?t=39372&L=0>

Ao longo do informe diferéncianse dúas clases de empresas segundo o seu tamaño: as de 0 a 9 traballadores/as (95,8% do total) e as de 10 ou máis persoas empregadas (4,2%).

A comparación tamén se realiza segundo a localización da sede empresarial. Neste sentido, a maior concentración de empresas rexístrase nas provincias da Coruña (41,6%) e Pontevedra (35,2%), que reúnen máis de tres cuartas partes do tecido empresarial galego.

C.2 Empresas con sede en Galicia

(Total de Empresas)

	DE 0 A 9 TRABALLADORES/AS	10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS	TOTAL
A CORUÑA	74.442	3.318	77.760
LUGO	21.746	818	22.564
OURENSE	20.153	717	20.870
PONTEVEDRA	62.769	2.988	65.757
TOTAL	179.110	7.841	186.951

Fonte: INE, Directorio central de empresas 2025

C.3 Estrato de Asalariados/as por Provincia.

(Total de Empresas con sede en Galicia)


	DE 0 A 9 TRABALLADORES/AS	10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS	TOTAL
A CORUÑA	39,8%	1,8%	41,6%
LUGO	11,6%	0,4%	12,1
OURENSE	10,8%	0,4%	11,2%
PONTEVEDRA	33,6%	1,6%	35,2%
TOTAL	95,8%	4,2%	100,0%

Fonte: INE, Directorio central de empresas 2025

O 81,3% das empresas galegas desenvolven a súa actividade no sector servizos. Dentro deste ámbito, destacan especialmente as dedicadas ao comercio por xunto e ao retallo e á reparación de vehículos de motor e motocicletas, con 37.916 empresas, así como as actividades profesionais, científicas e técnicas, que acadan as 20.418 empresas.

G.2. Actividade principal da empresa

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)



Fonte: INE, Directorio central de empresas 2025

C.4 Empresas con sede en Galicia


Total	186.951
INDUSTRIA	10.297
B-Industria extractiva	128
C-Industria manufactureira	9.639
D-Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	321
E-Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e contaminación	209
F-CONSTRUCCIÓN	24.621
SERVIZOS	152.033
G- Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	37.916
H - Transporte e almacenamento	11.683
I - Hostalaría	17.148
J - Información e comunicacións	3.015
K - Actividades financeiras e de seguros	4.708
L - Actividades inmobiliarias	9.432
M - Actividades profesionais, científicas e técnicas	20.418
N - Actividades administrativas e servizos auxiliares	10.143
P - Educación	7.522
Q - Actividades sanitarias e de servizos sociais	8.671
R - Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	7.412
S - Outros servizos	13.965

Fonte: INE, Directorio central de empresas 2025

O 58,4% das empresas galegas clasifícanse como persoas físicas, a forma xurídica máis frecuente, mentres que o restante 41,6% son sociedades e outras formas xurídicas.

G.3. Condición Xurídica

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia)



Fonte: INE, Directorio central de empresas 2025



2. USO DAS TIC E COMERCIO ELECTRÓNICO NAS EMPRESAS GALEGAS

A transformación dixital das empresas galegas acelérase en 2025: o uso da Intelixencia Artificial alcanza o 20,5% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia e o 9,8% das microempresas; os servizos Cloud Computing chegan ata o 45,7% das empresas de maior tamaño; e o 86,0% das empresas de 10 ou máis traballadores/as e o 71,5% das microempresas dispoñen xa de conexións de 100 Mb/s ou superiores..

2. Uso das TIC e Comercio Electrónico nas empresas galegas

A Intelixencia Artificial, a conectividade de alta velocidade, o Cloud Computing e a analítica de datos constitúen algúns dos principais indicadores da transformación dixital empresarial en Galicia en 2025.



INTELIXENCIA ARTIFICIAL

(% de empresas que empregan tecnoloxías de IA)



20,5%

Empresas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia



9,8%

Microempresas



CONECTIVIDADE

(% de empresas con velocidade de conexión maior ou igual a 100 Mb/seg.)



86,0%

Empresas con 10 ou máis traballadores/as



71,5%

Microempresas



CLOUD COMPUTING

(% de empresas que utilizan servizos de cloud computing de pago)



45,7%

Empresas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia



9,9%

Microempresas



ANALÍTICA DE DATOS

(% empresas que realizan analítica de datos por parte dos seus propios empregados)



42,4%

Empresas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia



7,4%

Microempresas

Neste capítulo abórdase o uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación nas empresas galegas, analizando diversos aspectos:



Os resultados que proporcionaremos de seguido, preséntanse por estratos agrupados por volume de traballadores/as das empresas:

- Microempresas (de 0 a 9 traballadores/as)
- Empresas de 10 ou máis traballadores/as **con sede** en Galicia
- Empresas de 10 ou máis traballadores/as **con sede e/ou actividade** en Galicia.

A serie temporal que se detalla a modo de comparativa de evolución con datos dispoñíbles do ano 2021 ata o 2025.


2.1. Equipamentos e conectividade

2.1.1. Conectividade

A contratación de Internet, no 2025, acada a práctica totalidade das empresas de 10 ou máis persoas empregadas, acadando o 99,1%. Pola súa banda, entre as microempresas, a porcentaxe de contratación de Internet sitúase no 75,2%.


O dato das grandes empresas iguala a Galicia coa media estatal mentres que nas microempresas situámonos a menos de 5 puntos.

G.4. Acceso a Internet contratado.




Fonte: INE (2025)

G.5. Evolución. Empresas que teñen acceso a Internet contratado: Galicia e España.



Fonte: INE (2025)


G.6. Evolución. Empresas que teñen acceso a Internet contratado: Galicia e España.



Fonte: INE (2025)


A partir de 2025, a conexión fixa segue sendo a opción predominante entre as empresas galegas, alcanzando a práctica totalidade das empresas de 10 ou máis traballadores/as e o 80,9% das microempresas.

G.7. Tipo de conexión a Internet- Acceso con Conexión Fixa.



Fonte: INE (2025)


G.8. Evolución do tipo de conexión a Internet a través de acceso con conexión fixa: Evolución



Fonte: INE (2025)

A maior parte das conexións de banda larga fixa contratadas superan os 100 Mb/seg: 71,5% das microempresas e preto do 88% das empresas de 10 ou máis traballadores/as.

G.9. Velocidade Contratada.




Fonte: INE (2025)

No ano 2025 continúa aumentando a porcentaxe de empresas de 10 ou máis traballadores/as e sede en Galicia con conexións de banda larga fixa de 100 Mb/seg ou superiores. Este indicador sitúase no 86,0%, o que supón un incremento relativo do 3,1% respecto ao ano anterior.


Nas microempresas tamén se observa un avance desta velocidade de conexión. En 2025, o 71,5% das empresas con acceso a Internet dispoñía de conexións de 100 Mb/seg ou superiores, o que representa un incremento relativo do 3,2% respecto a 2024.

G.10. Velocidade contratada:. Evolución. Empresas de 10 ou máis empregados/as con sede en Galicia.



Fonte: INE (2025)

G.11. Velocidade contratada:. Evolución. Empresas de 0 a 9 empregados/as.




Fonte: INE (2025)

A banda larga móbil segue a presentar unha elevada implantación nas empresas galegas. En 2025, o 78,5% das microempresas e o 84,7% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia contaban con este tipo de conexión. Entre as empresas de maior tamaño, os valores mantéñense próximos á media estatal (85,9%).

G.12. Empresas con acceso a Internet por banda larga móbil 3G ou superior.


(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE (2025)

G.13. Empresas con acceso a Internet por banda larga móbil 3G ou superior. Empresas de 10 ou máis empregados/as: Galicia e España.


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as con conexión a Internet)



Fonte: INE (2025)

G.14. Empresas con acceso a Internet por banda larga móbil 3G ou superior. Empresas de 0 a 9 empregados/as: Galicia e España.

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet)




Fonte: INE (2025)

No ano 2025, o 54,3% do persoal das microempresas galegas tiña á súa disposición un dispositivo portátil con conexión móbil a Internet para uso empresarial. Nas empresas de 10 ou máis persoas empregadas, esta porcentaxe sitúase no 36,6% nas empresas con sede en Galicia e no 47,1% nas empresas con sede e/ou actividade en Galicia.


Tanto nas microempresas como nas empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia, a porcentaxe de persoal que dispón destes dispositivos supera a media estatal.

G.15. Persoal ao que se lle proporcionou un dispositivo portátil que permitía a conexión móbil a internet para uso empresarial.



Fonte: INE (2025)


G.16. Evolución do indicador. Persoal que ao que se lle proporcionou un dispositivo portátil que permitía a conexión móbil a internet para uso empresarial: Galicia e España.



Fonte: INE (2025)

G.17. Evolución do indicador. Persoal que ao que se lle proporcionou un dispositivo portátil que permitía a conexión móbil a internet para uso empresarial: Galicia e España

(% sobre o total de persoal nas empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE (2025)

2.1.2. Software libre


O uso de software libre continúa estando moi presente nas empresas galegas. En 2025, o 81,9% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia e o 54,1% das microempresas empregaban algún tipo de software de código aberto. No caso das empresas de maior tamaño, Galicia sitúase lixeiramente por riba da media estatal (81,1%).

G.18. Empresas que utilizan algunha tipoloxía de software de código aberto.



Fonte: INE (2025)


G.19. Empresas que utilizan algunha tipoloxía de software aberto. Empresas de 10 ou máis empregados/as: Galicia e España.



Fonte: INE (2025) Nota: No 2021 non se medía este indicador

G.20. Empresas que utilizan algunha tipoloxía de software aberto. Empresas de 0 a 9 empregados/as: Galicia e España.

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE (2025) Nota: Non 2021 non se medía este indicador

Os navegadores de Internet continúan sendo a tipoloxía de software libre máis utilizada polas empresas galegas. Entre as empresas que empregan software de código aberto, tamén destacan as aplicacións ofimáticas e os sistemas operativos, tanto nas microempresas como nas empresas de 10 ou máis traballadores/as.

G.21. Tipoloxía de software aberto.

(% sobre o total de empresas que utilizan algunha tipoloxía de software de código aberto)




Fonte: INE (2025)

2.2. Talento Dixital: especialistas e perfís TIC

No ano 2025, unha de cada cinco empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia contaba con especialistas TIC (20,2%). Entre as empresas con sede en Galicia, esta porcentaxe sitúase no 13,3%. No caso das microempresas, a presenza destes perfís continúa sendo reducida (1,7%), aínda que rexistra un incremento respecto ao ano anterior e mantense en valores próximos aos do conxunto do Estado (1,9%).

G.22. Empresas que empregan especialistas TIC.


(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE (2025)

G.23. Evolución do indicador. Empresas que empregan especialistas TIC: Galicia e España


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE (2025)

G. 24. Evolución do indicador. Empresas que empregan especialistas TIC: Galicia e España


(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)



Fonte: INE (2025)

Entre os distintos perfís TIC especializados os máis numerosos están na categoría “resto”, que son especialistas en tarefas diversas de apoio, xestión e mantemento. Séguenlle os especialistas en datos e os de ciberseguridade.

G. 25. Empresas que empregan especialistas TIC (tipoloxía)




Fonte: INE (2025)

A presenza de mulleres especialistas TIC nas empresas galegas é habitual entre as empresas que contan con estes perfís de 10 ou máis traballadores/as. No ano 2025, o 51,3% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia que empregan especialistas TIC contaban con mulleres nestes postos, unha proporción superior á rexistrada no conxunto do Estado (38,7%). Pola súa banda, nas microempresas esta porcentaxe sitúase no 17,1%, en niveis semellantes aos da media estatal (19,3%).

G. 26. Empresas con mulleres especialistas TIC


(% sobre o total de empresas que empregan especialistas TIC)



Fonte: INE (2025)

G. 27. Evolución do indicador. Empresas con mulleres especialistas TIC: Galicia e España


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as que empregan especialistas TIC)



Fonte: INE (2025)

G. 28. Evolución do indicador. Empresas con mulleres especialistas TIC: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as que empregan especialistas TIC)




Fonte: INE (2025)

A porcentaxe de persoal especialista TIC sobre o total de persoal é superior ao 5% nas empresas que teñen máis de 10 traballadores e actividade en Galicia.

Nas microempresas galegas, o 32% do persoal especialista TIC está composto por mulleres, a porcentaxe máis elevada entre os diferentes estratos empresariais.

G. 29. Persoal especialista TIC


(% sobre o total de persoal)



Fonte: INE (2025)

G. 30. Mulleres especialistas TIC


(% sobre o total de especialitas TIC)



Fonte: INE (2025)

G. 31. Porcentaxe de mulleres especialistas TIC

(% sobre o total de empresas que empregan especialistas TIC)




- Empresas de 0 a 9 traballadores/as con sede en Galicia
- Empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia
- Empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia

Fonte: INE (2025)


Entre o persoal especialista TIC, os perfís vinculados dedicados a “resto” continúan sendo os máis frecuentes tanto nas empresas de 10 ou máis traballadores/as (mantemento, apoio e consulta non especializada). Nas microempresas cobra peso o perfil especializado en ciberseguridade (42%).

G. 32. Persoal especialista TIC (tipoloxía)



Fonte: INE (2025)

G. 33. Mulleres especialistas TIC (tipoloxía)



Fonte: INE (2025)

2.3. Dixitalización da organización e xestión das empresas


2.3.1. Servizos web

A dispoñibilidade de páxina web mantense en niveis elevados entre as empresas de 10 ou máis traballadores/as. No ano 2025, o 80,6% das empresas con sede en Galicia e o 83,0% das empresas con sede e/ou actividade en Galicia dispoñían de web propia, rexistrando valores similares aos dos últimos anos.

No caso das microempresas, o 28,7% contaba con páxina web en 2025.

G. 34. Dispoñibilidade de Páxina Web


(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE (2025)

G. 35. Evolución do Indicador. Dispoñibilidade de Páxina Web: Galicia e España


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia con conexión a Internet)



Fonte: INE (2025)

G. 36. Evolución do Indicador. Dispoñibilidade de Páxina Web: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 traballadores/as con conexión a Internet)




Fonte: INE (2025)

A descrición de bens e servizos continúa sendo o contido máis habitual nas páxinas web das empresas galegas, tanto nas microempresas como nas empresas de 10 ou máis traballadores/as. Este recurso está presente no 97,0% das webs das microempresas, no 86,5% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia e no 85,8% das que teñen sede e/ou actividade na comunidade.

G. 37. Servizos dispoñibles na páxina web

(% sobre o total de empresas con páxina web)




Fonte: INE (2025)

2.3.2. Teletraballo


Durante 2025, o teletraballo mantense implantado no 39,1% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia e no 31,1% das empresas con sede en Galicia. Nas microempresas, esta porcentaxe sitúase no 12,9%. No caso das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade na comunidade, o indicador continúa por riba da media estatal, situada no 37,4%.

G. 38. Empresas que permiten a realización de teletraballo por parte dos seus empregados/as




Fonte: INE (2025)

G. 39. Empresas que permiten a realización de teletraballo por parte dos seus empregados/as: Galicia e España



Fonte: INE (2025)

G. 40. Empresas que permiten a realización de teletraballo por parte dos seus empregados/as: Galicia e España




Fonte: INE (2025)

As empresas de 10 ou máis traballadores/as con actividade ou sede en Galicia son as que presentan unha maior porcentaxe de persoal que teletraballa regularmente. No ano 2025, esta porcentaxe sitúase no 24,4% nas empresas con sede e/ou actividade en Galicia, manténdose por riba da media estatal (20,0%).

G. 41. Empregados/as que teletraballan regularmente


(% sobre o total de persoal do total de empresas)



Fonte: INE (2025)

G. 42. Empregados/as que teletraballan regularmente: Galicia e España


(% sobre o total de persoal de empresas de 10 ou máis traballadores)



Fonte: INE (2025)

G. 43. Empregados/as que teletraballan regularmente: Galicia e España

(% sobre o total de persoal de empresas de 0 a 9 empregados/as)



Fonte: INE (2025)

C.5 Número de días en término medio por semana no que os empregados/as teletraballan

	De 0 a 9 traballadores/as	10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia	10 ou máis traballadores/as con sede ou actividade en Galicia
Media de días por semana	3,7	2,2	2,2

Fonte: INE (2025)


2.3.3. Medios Sociais

Considerando como medios sociais o conxunto das redes sociais, blogs e microblogs, plataformas para compartir contidos e interactuar, así como outras ferramentas colaborativas, no ano 2025 incrementábase o seu uso con fins empresariais en Galicia.

Nas microempresas, a porcentaxe de uso dos medios sociais alcanza o 32,8%, un 5,5% máis que no ano anterior. Nas empresas de 10 ou máis traballadores/as, esta porcentaxe sitúase no 65,7% entre as que teñen sede en Galicia e no 70,3% entre as que teñen sede e/ou actividade na comunidade, o que supón incrementos do 12,1% e do 9,3%, respectivamente, respecto a 2024. Neste último caso, Galicia sitúase lixeiramente por riba da media estatal (69,7%).

G. 44. Medios sociais


(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE (2025)


G. 45. Evolución do Indicador. Empresas que utilizaron medios sociais: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as con conexión a Internet)



Fonte: INE (2025)

G. 46. Evolución do Indicador. Empresas que utilizaron medios sociais: Galicia e España



Fonte: INE (2025)


2.3.4. Analítica e comercio de datos

No ano 2025, o 42,4% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia realizaba analítica de datos por parte do seu propio persoal, o que supón un incremento do 23,3% respecto ao ano anterior. Entre as empresas con sede en Galicia, esta porcentaxe sitúase no 35,1% (+28,1% respecto a 2024), mentres que nas microempresas alcanza o 7,4% (+10,4%).

Os datos máis analizados polas empresas son os rexistros de transaccións e os datos sobre clientes, empregados polo 92,3% e o 68,1% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia que realizan analítica de datos.

G. 47. Empresas que realizan analítica de datos por parte dos seus propios empregados


(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE (2025)

G. 48. Evolución do indicador: Empresas que realizan analítica de datos parte dos seus propios empregados


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as con conexión a Internet)



Fonte: INE (2025)

G. 49. Evolución do indicador: Empresas que realizan analítica de datos parte dos seus propios empregados


(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as con conexión a Internet)



Fonte: INE (2025)

G. 50. Tipoloxía de analítica de datos que realizan as empresas por parte dos seus propios empregados

(% sobre o total de empresas que realizan analítica de datos por parte dos seus propios empregados)




Fonte: INE (2025)

No ano 2025, o 16,8% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia realizaba analítica de datos a través dun provedor externo. Entre as empresas con sede en Galicia, esta porcentaxe situábase no 14,5%, mentres que nas microempresas acadaba o 7,2%, rexistrando un incremento do 84,6% respecto ao ano anterior.

G. 51. Empresas que realizan analítica de datos por un terceiro


(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE (2025)

G. 52. Evolución do Indicador. Empresas realizan analítica de datos por un terceiro: Galicia e España


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as con conexión a Internet)



Fonte: INE (2025)

G. 53. Evolución do Indicador. Empresas que utilizaron Redes sociais (Facebook, LinkedIn, Twitter...): Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as con conexión a Internet)




Fonte: INE (2025)

2.3.5. Comercio electrónico

No ano 2025, o 27,0% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia realizaron vendas mediante comercio electrónico, o que supón un incremento do 1,9% respecto ao ano anterior e sitúa a Galicia lixeiramente por riba da media estatal (26,6%). Entre as empresas con sede en Galicia, esta porcentaxe alcanza o 23,8%, mentres que nas microempresas se sitúa no 7,9%.

G. 54. Vendas por Internet no último ano


(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE (2025)

G. 55. Evolución do Indicador Empresas que venderon a través de Internet no último ano. Comparación Galicia e España


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE (2025)

G. 56. Evolución do Indicador. Empresas que venderon a través de Internet no último ano. Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)



Fonte: INE (2025)

As vendas por comercio electrónico representan máis da metade da facturación total no 2,6% das microempresas galegas. Nas empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia, esta porcentaxe acada o 4,9%, o que amosa unha presenza semellante desta canle de venda nos distintos estratos empresariais.


C.6 Datos sobre vendas por comercio electrónico

(% sobre o total de empresas)	Empresas de 0 a 9 traballadores / as con sede en Galicia	Empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia	Empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia
Vendas por comercio electrónico son $\geq$ 1% vendas totales	7,7%	20,5%	23,5%
Vendas por comercio electrónico son $\geq$ 2% vendas totales	7,0%	18,3%	21,5%
Vendas por comercio electrónico son $\geq$ 5% vendas totales	6,6%	16,0%	19,0%
Vendas por comercio electrónico son $\geq$ 10% vendas totales	5,2%	13,9%	16,2%
Vendas por comercio electrónico son $\geq$ 25% vendas totales	4,0%	7,9%	9,0%
Vendas por comercio electrónico son $\geq$ 50% vendas totales	2,6%	4,2%	4,9%

Fonte: INE (2025)

G. 57. Datos sobre vendas mediante comercio electrónico en función do total de vendas

(% sobre o total de vendas)



Fonte: INE (2025)


C.7 Vendas mediante comercio electrónico en miles de €

	DE 0 A 9 TRABALLADORES/AS	10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS CON SEDE EN GALICIA	10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS CON SEDE OU ACTIVIDADE EN GALICIA
Vendas mediante comercio electrónico	700.614,4	10.702.316,70	120.272.275,0

Fonte: INE (2025)

Máis do 22% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia realizou vendas a través de páxinas web, aplicacións ou plataformas dixitais no ano 2025. No caso das microempresas, esta porcentaxe sitúase no 7,8%.

G. 58. Vendas mediante páxinas web marketplace



Fonte: INE (2025)


Nas empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia que realizan vendas a través de páxinas web, aplicacións ou plataformas dixitais, estas vendas representan de media o 14,1% da súa facturación total, porcentaxe que ascende ao 22,0% no caso das microempresas.

C.8 Porcentaxe das vendas mediante páxinas web ou apps marketplace

Vendas mediante páxinas web, apps ou plataformas dixitais (marketplace)	Empresas de 0 a 9 traballadores / as con sede en Galicia	Empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia	Empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia
>= 1% vendas totales	7,6%	15,6%	18,4%
>= 2% vendas totales	6,9%	13,4%	16,1%
>= 5% vendas totales	6,5%	11,6%	14,0%
>= 10% vendas totales	5,1%	9,6%	11,5%
>= 25% vendas totales	3,9%	4,6%	5,4%
>= 50% vendas totales	2,6%	2,5%	2,7%

Fonte: INE (2025)

G. 59. Vendas mediante páxinas web ou apps en función do total de vendas



Fonte: INE (2025)

C.9 Vendas mediante páxinas web en miles de €


	DE 0 A 9 TRABALLADORES/AS	10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS CON SEDE EN GALICIA	10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS CON SEDE OU ACTIVIDADE EN GALICIA
Vendas mediante páxinas web	679.090,90	3.535.681,60	55.852.176,6

Fonte: INE (2025)

As vendas a través de páxinas web ou aplicacións propias son a principal canle de comercio electrónico. Entre as empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia que realizan vendas en liña, o 89,8% vende mediante a súa propia páxina web ou app, fronte ao 10,2% que utiliza marketplaces ou plataformas dixitais. Nas microempresas, as vendas a través de páxinas web ou aplicacións propias representan o 56,4% das operacións de comercio electrónico, mentres que o uso de marketplaces alcanza o 43,6%, a porcentaxe máis elevada entre os distintos estratos empresariais.

G. 60. Distribución das vendas

(% sobre o total de empresas de comercio electrónico realizadas mediante webs ou apps)




Fonte: INE (2025)

Os fogares e particulares concentran máis de dous terzos das vendas electrónicas. A maior parte destas vendas realízanse dentro de España, mercado que reúne entre o 81,4% e o 90,4% da facturación obtida a través de web ou aplicacións.

G. 61. Distribución de vendas mediante páxinas web segundo a natureza do comprador


(% sobre o total de vendas de comercio electrónico realizadas mediante web ou apps)



Fonte: INE (2025)

G. 62. Distribución de vendas mediante páxinas web segundo área xeográfica


(% sobre o total de vendas de comercio electrónico realizadas mediante web ou apps)



Fonte: INE (2025)

G. 63. Distribución de vendas mediante páxinas web segundo tipo de produto

(% sobre o total de vendas de comercio electrónico realizadas mediante web ou apps)




Fonte: INE (2025)

As vendas a clientes da Unión Europea continúan tendo unha presenza limitada entre as empresas galegas que realizan comercio electrónico. Entre aquelas que venden mediante páxinas web ou aplicacións a clientes da UE, o 24,6% das microempresas e o 42,5% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia sinalan que "tiveron dificultades" para efectuar este comercio.

Os elevados custos de entrega ou devolución dos produtos constitúen a principal dificultade para as empresas galegas que venden á Unión Europea a través da súa páxina web ou aplicación. Este obstáculo afecta ao 30,4% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia.

G. 64. Porcentaxe de empresas con vendas á UE por web ou apps que tiveron dificultades


(% sobre o total de empresas que venden por comercio electrónico mediante web ou apps á UE)



Fonte: INE (2025)

G. 65. Porcentaxe de empresas con vendas á UE por web ou apps que tiveron dificultades

(% sobre o total de empresas que venden por comercio electrónico mediante web ou apps á UE)




Fonte: INE (2025)

As vendas mediante mensaxes tipo EDI teñen unha presenza limitada nas empresas galegas. No ano 2025, o 7,5% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia realizaron vendas por esta canle, fronte ao 6,0% das empresas con sede en Galicia e ao 0,1% das microempresas.

G. 66.Vendas mediante mensaxes tipo EDI

(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE (2025)


C.10 Proporción das vendas mediante mensaxes tipo EDI

(% sobre total empresas)	Empresas de 0 a 9 traballadores / as con sede en Galicia	Empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia	Empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia
Vendas >= 1% vendas totales	0,1%	6,0%	7,3%
Vendas >= 2% vendas totales	0,1%	5,8%	7,0%
Vendas >= 5% vendas totales	0,1%	5,2%	6,4%
Vendas >= 10% vendas totales	0,1%	4,3%	5,2%
Vendas >= 25% vendas totales	0,1%	3,4%	3,8%
Vendas >= 50% vendas totales	0,0%	1,6%	1,9%

Fonte: INE (2025)

G. 67.. Porcentaxe de vendas mediante mensaxes tipo EDI

(% sobre o total de vendas)




Fonte: INE (2025)

C.11 Vendas mediante mensaxes tipo EDI

	DE 0 A 9 TRABALLADORES/AS	10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS CON SEDE EN GALICIA	10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS CON SEDE OU ACTIVIDADE EN GALICIA
Vendas mediante mensaxes tipo EDI	21.523,6	7.166.635,1	64.420.098,4


Fonte: INE (2025)

G. 68.. Distribución de vendas mediante mensaxes tipo EDI segundo a área xeográfica



Fonte: INE (2025)

G. 69.. Distribución de vendas mediante mensaxes tipo EDI segundo natureza do comprador



Fonte: INE (2025)

2.4. Tecnoloxías disruptivas


2.4.1. Intelixencia Artificial (IA)

No ano 2025, o uso da Intelixencia Artificial continúa avanzando nas empresas galegas. Entre as de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia, o 20,5% emprega esta tecnoloxía, situándose case na media estatal (21,1%). Pola súa banda, o 14,9% das empresas con sede en Galicia e o 9,8% das microempresas fan uso da IA.

A evolución do indicador mostra un crecemento notable no último ano. Nas microempresas, a utilización da Intelixencia Artificial aumenta un 84,9% respecto a 2024, ao pasar do 5,3% ao 9,8%. Entre as empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia, o incremento é do 56,5%, pasando do 13,1% ao 20,5%.

G. 70. Empresas que empregan Intelixencia Artificial (IA)


(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE (2025)

G. 71. Empresas que empregan IA: Comparación Galicia e España


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE (2025)

G. 72. Empresas que empregan IA: Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE (2025)

Entre as empresas que utilizan Intelixencia Artificial, as solucións máis empregadas están relacionadas coa xeración de imaxes, vídeos, sons ou audio. Esta tecnoloxía é utilizada polo 54,6% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia e polo 63,9% das microempresas que empregan IA. Tamén destacan as solucións de xeración de linguaxe escrita ou falada e código de programación.

G.73. Solucións de IA nas empresas

(% sobre o total de empresas que utilizan tecnoloxías de Intelixencia artificial)



Fonte: INE (2025)

Os principais usos da Intelixencia Artificial nas empresas galegas están relacionados coa organización de procesos de administración ou xestión empresarial. Esta aplicación é empregada polo 35,1% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia e polo 27,4% das microempresas que utilizan IA. Tamén destacan os usos vinculados ao marketing e ás vendas.

G.74. Usos da IA nas empresas

(% sobre o total de empresas que utilizan tecnoloxías de Intelixencia artificial)




Fonte: INE (2025)

Entre as empresas galegas que utilizan Intelixencia Artificial, a adquisición de paquetes comerciais listos para usar é a fórmula máis habitual. No ano 2025, esta opción foi empregada polo 57,9% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia e polo 46,3% das microempresas. Ademais, unha parte relevante das empresas tamén recorreu a provedores externos para desenvolver ou adaptar solucións de IA ás súas necesidades..

G.75. Tipoloxía de paquetes de intelixencia artificial nas empresas


(% sobre o total de empresas que utilizan tecnoloxías de Intelixencia artificial)



Fonte: INE (2025)


A intención de incorporar tecnoloxías de Intelixencia Artificial continúa avanzando nas empresas galegas. No ano 2025, o 11,7% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia consideraron adoptar algunha solución de IA. Entre as empresas con sede en Galicia, esta porcentaxe sitúase no 10,7%, pasando do 4,1% en 2024 ao 10,7% en 2025. No caso das microempresas, a cifra alcanza o 2,6%, mantendo unha evolución gradual respecto ao ano anterior.

G.76. Empresas que consideraron adquirir algunha tecnoloxía de Intelixencia artificial




Fonte: INE (2025)

G.77. Evolución do indicador. Empresas que consideraron adquirir algunha tecnoloxía de Intelixencia artificial



Fonte: INE (2025) Nota: No ano 2022 non se facilitou este indicador

G.78. Evolución do indicador. Empresas que consideraron adquirir algunha tecnoloxía de Intelixencia artificial




Fonte: INE (2025) Nota: No ano 2022 non se facilitou este indicador

Os principais motivos para non utilizar Intelixencia Artificial nas empresas galegas son a falta de coñecemento sobre estas tecnoloxías e a dispoñibilidade ou calidade dos datos necesarios para a súa utilización. Entre as microempresas tamén destacan a falta de claridade sobre as consecuencias legais e sobre a protección de datos.

G.79. Empresas que non usan IA: Motivos para non utilizar IA

(% sobre o total de empresas que non utilizan tecnoloxías de Intelixencia artificial)




Fonte: INE (2025)

2.4.2. Cloud Computing

No ano 2025, a contratación de servizos de Cloud Computing continúa aumentando entre as empresas galegas. O 45,7% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia adquiriron este tipo de servizos, fronte ao 36,1% rexistrado en 2024. Entre as empresas con sede en Galicia, a porcentaxe sitúase no 39,9% (+26,7% respecto ao ano anterior).


Nas microempresas, a compra de servizos de Cloud Computing acada o 9,9% (+62,3% respecto ao 2024). Ademais, as empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia sitúanse por riba da media estatal (44,3%). Para ningún dos indicadores de Cloud Computing se dispón de datos de 2022, xa que o cuestionario dese ano elaborado polo INE non as incluía.

G.80. Compra de Servizos de Cloud Computing de pago



Fonte: INE (2025)


G. 81. Evolución do Indicador. Empresas que compraron servizos de Cloud Computing: Galicia e España



Fonte: INE (2025)

No hai datos para o ano 2022 debido a cambios no cuestionario

G. 82. Evolución do Indicador. Empresas que compraron servizos de Cloud Computing: Galicia e España



Fonte: INE (2025)


No hai datos para o ano 2022 debido a cambios no cuestionario

Nas empresas de 10 ou máis persoas asalariadas con sede ou actividade en Galicia que adquiriron servizos de Cloud Computing, os máis utilizados son os de almacenamento de ficheiros (80,6%), seguidos das solucións de software ofimático (79,9%) e do correo electrónico (76,3%).

Pola súa banda, nas microempresas, os servizos máis empregados son o almacenamento de ficheiros (81,8%), o correo electrónico (60,4%) e software ofimática (56,7%).

G. 83. Solucións de Cloud Computing: desglose

(% sobre o total de empresas que compraron e utilizan algún servizo de Cloud Computing)



Fonte: INE (2025)

2.5. Prácticas medioambientais


A edición de 2025 da Enquisa sobre o uso das TIC e o comercio electrónico nas empresas incorpora un novo bloque de indicadores relacionados coa contribución das tecnoloxías dixitais á redución do impacto ambiental das actividades empresariais. Debido aos cambios introducidos no cuestionario respecto de edicións anteriores, a maior parte destes resultados non son directamente comparables cos publicados en 2022. Só daquel cuestionario se repiten, o resto son novos. Pódense ver nas gráficas evolutivas no final deste capítulo:

- Reciclan equipos tic en contenedores.
- Manteñen os equipos TIC para repostos.
- Devolven ou doan equipos TIC que non usan.

No resto de indicadores, non é posible presentar unha evolución, debido á ausencia de datos.


No ano 2025, o 28,1% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia empregaban sistemas ou solucións TIC para reducir o consumo de enerxía, mentres que o 21,2% utilizábanas para diminuír o consumo de materiais ou fomentar o uso de materiais reciclados. Entre as microempresas, estas porcentaxes sitúanse no 5,9% e no 5,8%, respectivamente.

G. 84. Empresas que empregan medidas medioambientais: Galicia España



Fonte: INE (2025)


G. 85. Empresas que empregan medidas medioambientais: Galicia e España



Fonte: INE (2025)


A reciclaxe de equipamentos TIC en contedores específicos é a medida máis estendida entre as empresas galegas. Esta práctica está presente en máis do 82% das empresas de 10 ou máis traballadores/as e no 63,0% das microempresas.

G. 86. Reciclaxe das equipas TIC: Galicia e España




Fonte: INE (2025)

G. 87. Reciclaxe das equipas TIC: Galicia e España



Fonte: INE (2025)


G. 88. Reciclaxe das equipas TIC. Evolución Indicador 2022-2025. Reciclan equipos tic en contenedores



Fonte: INE (2025)

G. 89. Reciclaxe das equipas TIC. Evolución Indicador 2022-2025. Manteñen os equipos TIC para repostos


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE (2025)

G. 90. Reciclaxe das equipas TIC. Evolución Indicador 2022-2025. Devolven ou doan equipos TIC que non usan


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE (2025)

G. 91. Reciclaxe das equipas TIC. Evolución Indicador 2022-2025. Reciclan equipos tic en contenedores


(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)



Fonte: INE (2025)


G. 92. Reciclaxe das equipas TIC. Evolución Indicador 2022-2025. Manteñen os equipos TIC para repostos

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)



G. 93. Reciclaxe das equipas TIC. Evolución Indicador 2022-2025. Devolven ou doan equipos TIC que non usan

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




2.6. Gasto en TIC

O gasto en tecnoloxías dixitais das empresas galegas continúa concentrándose principalmente na seguridade. No ano 2025, as empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia destinaron máis de 669 millóns de euros a este ámbito, fronte aos 70,6 millóns de euros investidos en sistemas de Intelixencia Artificial.

Nas microempresas tamén a seguridade concentra o maior volume de investimento, con preto de 47,4 millóns de euros, mentres que o gasto en sistemas de Intelixencia Artificial se sitúa en 2,3 millóns de euros.

G. 94. Gasto en TIC das empresas durante o ano 2024

(Miles de euros sobre o total de empresas)



Fonte: INE (2025)

Nota: os gastos en materia de seguridade (ferramentas, medidas, persoal da empresa e equipos destinados a controlar a seguridade informática da entidade)




3. ANÁLISE SECTORIAL

O sector servizos lidera a transformación dixital das empresas galegas, rexistrando os niveis máis elevados de uso de medios sociais, comercio electrónico, Intelixencia Artificial, Cloud Computing e analítica de datos.

Pola súa banda, o sector industrial destaca pola maior presenza de especialistas TIC, polas conexións de alta velocidade e polo uso de solucións TIC orientadas á eficiencia enerxética e ao uso de materiais reciclados..

3. Análise Sectorial

Este capítulo céntrase na análise dos indicadores TIC nas empresas galegas dende a perspectiva do sector de actividade. As diferenzas sectoriais permiten identificar distintos niveis de adopción e integración das tecnoloxías dixitais no tecido empresarial galego. Entre os principais resultados destacan os seguintes:




3.1. Equipamento e Conectividade

3.1.1. Conectividade

A contratación de Internet nas microempresas oscila entre o 70,7% do sector da construción e o 76,5% do sector industrial. Nas empresas de 10 ou máis traballadores/as, a dispoñibilidade de Internet acada a práctica totalidade das empresas en todos os sectores de actividade.


G. 95. Empresas que dispoñen de conexión a Internet segundo a actividade



Fonte: INE (2025)

En canto á velocidade de conexión, as empresas do sector industrial son as que presentan unha maior proporción de conexións superiores a 100 Mb/seg. No ano 2025, esta porcentaxe alcanza o 87,0% nas microempresas, o 83,8% nas empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia e o 84,9% nas que teñen sede e/ou actividade na comunidade.

G. 96. Velocidade de conexión contratada segundo a actividade



Fonte: INE (2025)


3.1.2. Software libre

No ano 2025, o uso de software de licenza libre supera o 80% nas empresas de 10 ou máis traballadores/as de todos os sectores de actividade, con maiores niveis de implantación no sector servizos (84,1%) e na construción (81,4%).

Entre as microempresas, a utilización deste tipo de software acada o 64,3% no sector industrial e sitúase por riba do 54% no sector servizos, o que amosa unha presenza significativa das solucións de código aberto en todos os sectores económicos

G. 97. Empresas que utilizan algunha tipoloxía de software aberto segundo a actividade

(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE (2025)


3.2. Talento Dixital: especialistas e perfís TIC nas empresas

As empresas de 10 ou máis traballadores/as do sector servizos son as que presentan unha maior presenza de especialistas TIC. No ano 2025, o 23,2% das empresas con sede e/ou actividade en Galicia contaban con estes perfís, fronte ao 18,9% do sector industrial e ao 10,9% da construción.

Entre as que teñen sede en Galicia, son superadas pola industria, onde o 15,3% das empresas con 10 ou máis traballadores/as contan con especialistas TIC.

G. 98. Empresas que empregan especialistas TIC segundo a actividade

(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE (2025)

3.3. Dixitalización da organización e xestión das empresas


3.3.1. Servizos web

A dispoñibilidade de páxina web presenta valores elevados nas empresas de 10 ou máis traballadores/as de todos os sectores de actividade, superando o 81% en todos os casos. Os maiores niveis rexístranse no sector da construción (90,0% das empresas con sede en Galicia) e no industrial (87,5%).

Nas microempresas, a presenza de páxina web é máis habitual no sector industrial (39,9%), seguido do sector servizos (31,4%), mentres que no sector da construción esta porcentaxe sitúase no 12,1%.

G. 99. Dispoñibilidade de Páxina Web segundo a actividade

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE (2025)

Nas empresas galegas de 10 ou máis empregados/as hai, por subsectores, valores moi dispares de dispoñibilidade de páxina web, oscilando dende valores superiores ao 90% a outros por debaixo do 70%.

G. 100. Dispoñibilidade de Páxina Web segundo o CNAE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 ou máis empregados / as e conexión a Internet)



Fonte: INE (2025) Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.


3.3.2. Teletraballo

No ano 2025, o teletraballo continúa tendo unha maior presenza nas empresas de 10 ou máis traballadores/as do sector servizos. Entre as empresas con sede e/ou actividade en Galicia, o 44,1% permite esta modalidade de traballo, fronte ao 32,6% do sector da construción e ao 31,1% do sector industrial.

Nas microempresas, o teletraballo só aparece implantado no sector servizos, onde alcanza o 17,8% das empresas, mentres que nos sectores da industria e da construción non se rexistra na enquisa empresas que empreguen esta fórmula de organización do traballo.

G. 101. Empresas que permiten a realización de teletraballo por parte dos seus empregados/as segundo actividade

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2025)

Entre as grandes empresas destacan as do sector Contidos, da Información e comunicación e o sector TIC, onde máis do 90% permiten o teletraballo.

G. 102. Empresas que permiten a realización de teletraballo por parte dos seus empregados/as segundo o CNAE.

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 ou máis traballadores/as)



Fonte: INE (2025) Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.


3.3.3. Medios Sociais

No ano 2025, o uso dos medios sociais supera o 54% nas empresas de 10 ou máis traballadores/as de todos os sectores de actividade. Os valores máis elevados rexístranse no sector servizos, onde alcanza o 74,4% das empresas con sede e/ou actividade en Galicia.

Nas microempresas, os medios sociais presentan unha maior implantación nos sectores industrial (51,4%) e servizos (34,7%), mentres que na construción a porcentaxe sitúase no 17,1%.

G. 103. Uso dos medios sociais segundo a actividade

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE (2025)

O uso dos medios sociais presenta diferenzas notables segundo o subsector de actividade. Os niveis máis elevados rexístranse nos sectores de contidos dixitais (100,0%), aloxamento (99,3%), información e comunicación (89,7%) e sector TIC (87,8%). Pola súa banda, os valores máis baixos corresponden aos sectores de enerxía e auga (48,6%) e actividades administrativas (50,0%).

G. 104. Uso dos medios sociais segundo o CNAE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 ou máis traballadores/as e conexión a Internet)



Fonte: INE (2025). Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística


3.3.4. Analítica de datos

As empresas dos sectores servizos e industria son as que máis realizan analítica de datos co seu propio persoal, independentemente do seu tamaño. Entre as empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia, preto dunha de cada dúas empresas do sector servizos desenvolve este tipo de análises internamente.

Pola súa banda, o recurso a provedores externos para realizar analítica de datos é máis frecuente no sector servizos, especialmente entre as empresas de 10 ou máis traballadores/as.

G. 105. Empresas que realizan analítica de datos por parte dos seus propios empregados segundo actividade.


(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE (2025)

G. 106. Empresas para as cales un terceiro realiza a analítica de datos segundo actividade.

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE (2025)

3.3.5. Comercio electrónico

Case unha de cada tres empresas de 10 ou máis traballadores/as do sector servizos con sede e/ou actividade en Galicia realizou vendas a través de Internet no ano 2025. Entre as microempresas, a maior presenza de vendas en liña rexístrase no sector servizos (10%), seguido de cerca polo sector industrial.

G. 107. Empresas que venderon a través de Internet no último ano segundo a actividade

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2025)

3.4. Tecnoloxías disruptivas

3.4.1. Intelixencia Artificial (IA)

No uso da Intelixencia Artificial (IA) destacan as empresas galegas de máis de 10 traballadores/as do sector servizos, que presentan os niveis de adopción máis elevados desta tecnoloxía. Entre as microempresas, o sector industrial é o que rexistra unha maior utilización de solucións de IA, por diante do sector servizos e da construción.


G. 108. Empresas que empregan Intelixencia Artificial (IA) segundo a Actividade



3.4.2. Cloud Computing

As empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as do sector servizos continúan sendo as que máis recorren aos servizos de Cloud Computing. No ano 2025, preto da metade das empresas con sede e/ou actividade en Galicia empregaron este tipo de solucións.

G.109. Compra de Servizos Cloud Computing segundo a Actividade




Fonte: INE (2025)

Entre os subsectores de actividade, destacan o sector TIC e as actividades de información e comunicación, onde máis de oito de cada dez empresas utilizan servizos na nube. durante ou último ano.

G.110. Compra de servizos de Cloud Computing segundo CNAE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 ou máis traballadores/as con conexión a Internet)




Fonte: INE (2025)

3.5. Prácticas medioambientais

As empresas máis grandes do sector industrial destacan polo maior uso de sistemas ou solucións TIC para reducir o consumo de enerxía e favorecer o emprego de materiais reciclados. Pola súa banda, o sector servizos presenta tamén unha maior implantación deste tipo de medidas entre as empresas de 0 a 9 traballadores/as que o resto de sectores.

G.111. Empresas que empregan sistemas ou solucións TIC para reducir o consumo de enerxía segundo a actividade


(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE (2025)

G.112. Empresas que empregan sistemas ou solucións TIC para reducir o uso de materiais ou fomentar o uso de materiais reciclados segundo a actividade

(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE (2025)




4. ANÁLISE POR PROVINCIAS

As empresas da Coruña destacan polo maior uso da Intelixencia Artificial, dos especialistas TIC e das medidas TIC orientadas á sustentabilidade. Ourense lidera a analítica de datos, mentres que Pontevedra presenta unha maior implantación dos servizos Cloud Computing.

4. Análise por provincias

Este capítulo céntrase na análise dos indicadores de uso das tecnoloxías da información e as comunicacións nas empresas galegas dende a perspectiva provincial.




4.1. Equipamento e Conectividade

4.1.1. Conectividade

A contratación de Internet acada a práctica totalidade das empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as en todas as provincias. Entre as microempresas, os niveis máis elevados rexístranse en Lugo (80,1%) e Pontevedra (76,7%), mentres que Ourense presenta a menor porcentaxe de empresas con acceso a Internet (63,6%).

G.113. Empresas que dispoñen de conexión a internet segundo a provincia




Fonte: INE (2025)

4.1.2. Software Libre

No ano 2025, o uso de software de licenza libre mantense amplamente estendido nas empresas galegas, sen que se observen grandes diferenzas entre provincias. Entre as empresas de 10 ou máis traballadores/as, a utilización deste tipo de software supera o 77% en todas elas, destacando Ourense (87,3%) e A Coruña (84,3%).

Nas microempresas, os niveis de adopción sitúanse entre o 48,4% da Coruña e o 63,1% de Lugo, superando o 54% no conxunto das provincias galegas.

G.114. Empresas que utilizan algunha tipoloxía de software de código aberto segundo a provincia




Fonte: INE (2025)

4.2. Talento Dixital: especialistas e perfís TIC nas empresas

A contratación de especialistas TIC presenta diferenzas moderadas entre as provincias galegas. Entre as empresas de 10 ou máis traballadores/as, a maior presenza destes perfís rexístrase na provincia da Coruña (16,1%), seguida de Lugo (12,8%). Pola súa parte, entre as microempresas, as porcentaxes son máis reducidas, destacando Pontevedra (2,3%) e A Coruña (2,0%) como as provincias con maior presenza de especialistas TIC.

G.115. Empresas que empregan especialistas TIC segundo a provincia

(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE (2025)


4.3. Dixitalización da organización e xestión das empresas

4.3.1. Servizos web

A dispoñibilidade de páxina web presenta valores elevados nas empresas de 10 ou máis traballadores/as de todas as provincias galegas, situándose arredor do 80%, con maiores porcentaxes na Coruña (82,8%) e Ourense (80,8%). Entre as microempresas, a presenza de páxina web é máis frecuente en Ourense (33,8%) e Pontevedra (31,6%), mentres que na Coruña e Lugo sitúase arredor do 25%.

G.116. Dispoñibilidade de Páxina Web segundo a provincia

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE (2025)

4.3.2. Teletraballo

O teletraballo presenta unha maior implantación nas empresas de 10 ou máis traballadores/as das provincias da Coruña (36,6%) e Ourense (35,7%). Entre as microempresas, as porcentaxes máis elevadas rexístranse en Pontevedra (14,9%) e A Coruña (13,2%), mentres que en Lugo e Ourense o teletraballo afecta a arredor do 9% das empresas.

G.117. Empresas que permiten o teletraballo segundo a provincia

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2025)

4.3.3. Medios Sociais

O uso dos medios sociais con fins empresariais está amplamente estendido entre as empresas de 10 ou máis traballadores/as de todas as provincias galegas, superando o 60% en todos os casos. As maiores porcentaxes rexístranse na Coruña (70,4%), Ourense (68,5%) e Lugo (67,5%). Entre as microempresas, destacan Pontevedra (35,4%) e A Coruña (34,4%), mentres que Lugo presenta o valor máis baixo (22,4%).

G.118. Uso das Medios Sociais segundo a provincia

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE (2025)


4.3.4. Analítica de datos

A analítica de datos presenta diferenzas entre provincias galegas. Entre as empresas de 10 ou máis traballadores/as, as situadas en Ourense son as que máis realizan análises de datos co seu propio persoal (42,7%), seguidas das da Coruña (39,8%).

No caso da contratación de terceiros para realizar estas análises, destacan as empresas de Lugo, onde unha de cada catro empresas de 10 ou máis traballadores/as recorre a provedores externos (25,2%). Entre as microempresas, os niveis de utilización da analítica de datos, tanto con persoal propio como mediante terceiros, son máis reducidos e bastante homoxéneos entre provincias.

G.119. Empresas que realizan analítica de datos por parte dos seus empregados segundo a provincia


(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE (2025)

G.120. Empresas para las cales un terceiro realiza o análise de datos segundo a provincia

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE (2025)

4.3.5. Comercio electrónico

As vendas por Internet presentan unha maior implantación entre as empresas de 10 ou máis traballadores/as da provincia de Ourense, onde máis dunha de cada tres empresas realiza comercio electrónico (35,8%). A continuación sitúanse as provincias de Pontevedra (26,3%) e Lugo (20,8%).

Entre as microempresas, as maiores porcentaxes de vendas en liña rexístranse en Lugo (10,0%) e A Coruña (9,4%), mentres que en Pontevedra e Ourense esta canle é empregada por arredor do 6% das empresas.

G.121. Empresas que venderon a través de Internet no último ano segundo a provincia



Fonte: INE (2025)


4.4. Tecnoloxías disruptivas

4.4.1. Intelixencia Artificial (IA)

No relativo ao uso da Intelixencia Artificial (IA), destacan as empresas de 10 ou máis traballadores/as da provincia da Coruña, onde o 17,7% emprega esta tecnoloxía. Entre as microempresas, os maiores niveis de adopción rexístranse en Ourense (14,3%) e na Coruña (11,4%), moi por riba da media galega (9,8%).

G.122. Empresas que empregan Intelixencia Artificial (IA) segundo provincia

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2025)

4.4.2. Cloud Computing

Na contratación de servizos de Cloud Computing destacan as empresas situadas nas provincias de Pontevedra (41,8%) e da Coruña (40,8%), onde máis de catro de cada dez empresas de 10 ou máis traballadores/as utilizan este tipo de solucións. Entre as microempresas, a maior implantación rexístrase na Coruña (14,9%) e Ourense (13,3%), mentres que Lugo e Pontevedra presentan valores inferiores ao 5%.

G.123. Compra de servizos Cloud Computing segundo a provincia

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE (2025)

4.5. Prácticas medioambientais

O uso de sistemas ou solucións TIC para reducir o consumo de enerxía presenta unha maior implantación nas empresas de 10 ou máis traballadores/as da Coruña (32,0%) e Pontevedra (28,0%). Do mesmo xeito, as medidas orientadas á redución do uso de materiais ou ao fomento de materiais reciclados rexistran os valores máis elevados na Coruña (24,6%) e Pontevedra (20,2%), mentres que entre as microempresas destacan Lugo e Ourense, con porcentaxes próximas ao 9%.

G.124. Empresas que empregan sistemas ou solucións TIC para reducir o consumo de enerxía segundo a provincia


(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE (2025)

G.125. Empresas que empregan sistemas ou solucións TIC para reducir o uso de materiais ou fomentar o uso de materiais reciclados segundo a provincia

(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE (2025)



5. CONCLUSIÓN

5. Conclusións

Caracterización do sector empresarial

- No ano 2025, a cifra de empresas activas en Galicia foi de 186.951, un 0,8% máis que no ano anterior. As microempresas (de 0 a 9 persoas traballadoras) representan o 95,8% do total.
- A provincia na que ten sede unha maior porcentaxe de empresas galegas é A Coruña (41,6%), seguida de Pontevedra (35,2%).
- A gran maioría das empresas sitúase no sector servizos, onde se encadra o 81,3% das empresas galegas.
- O 58,4% das empresas galegas teñen a condición xurídica de “persoa física”.

Equipamentos

- No ano 2025, o 54,3% do persoal das microempresas e o 47,1% do persoal das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia dispoñían dun dispositivo portátil con conexión móbil a Internet para uso profesional

Contratación de Internet

- No ano 2025, a contratación de Internet acada a práctica totalidade das empresas de 10 ou máis traballadores/as (99,1%), mentres que entre as microempresas a porcentaxe sitúase no 75,2%.
- O 86,0% das empresas de 10 ou máis traballadores/as e o 71,5% das microempresas dispoñen de velocidades de conexión iguais ou superiores a 100 Mb/seg.

Dixitalización da organización empresarial

- No ano 2025, o 83,0% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia dispoñían de páxina web propia. Entre as microempresas esta porcentaxe sitúase no 28,7%.
- O uso dos medios sociais acada o 32,8% nas microempresas e o 70,3% nas empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia.
- O 39,1% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia permiten o teletraballo, fronte ao 12,9% das microempresas.
- No ano 2025, o 27,0% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia realizaron vendas mediante comercio electrónico. Nas microempresas esta porcentaxe sitúase no 7,9%.

Talento Dixital

- O 41,9% das empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia que contan con especialistas TIC empregan mulleres especialistas TIC, unha proporción superior á media estatal.
- O 20,2% das empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia contan con especialistas TIC. Nas microempresas, esta porcentaxe sitúase no 1,7%.
- Os perfís heteroxéneos continúan sendo os máis frecuentes entre os especialistas TIC das empresas galegas, seguidos dos especialistas en datos.

Tecnoloxías disruptivas

- O uso da Intelixencia Artificial continúa avanzando nas empresas galegas. No ano 2025, o 20,5% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia empregan esta tecnoloxía, fronte ao 9,8% das microempresas.
- A contratación de servizos de Cloud Computing alcanza o 45,7% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia e o 9,9% das microempresas.
- O 42,4% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia realizan analítica de datos co seu propio persoal.

TIC e medio ambiente

- A reciclaxe de equipamentos TIC en contedores específicos é a medida máis estendida entre as empresas galegas, presente no 82,1% das empresas de 10 ou máis traballadores/as e no 63,0% das microempresas.
- O 31,2% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia empregan sistemas ou solucións TIC para reducir o consumo de enerxía, mentres que o 23,9% utilizan estas tecnoloxías para reducir o uso de materiais ou fomentar materiais reciclados.

Gasto en TIC

- O gasto TIC continúa concentrándose principalmente na seguridade. No ano 2025, as empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia destinaron máis de 669 millóns de euros a este ámbito, mentres que nas microempresas o investimento superou os 47 millóns de euros.
- O investimento en sistemas de Intelixencia Artificial acadou os 70,6 millóns de euros nas empresas de 10 ou máis traballadores/as e os 2,3 millóns de euros nas microempresas

INDICE DE TÁBOAS E GRÁFICOS

Índice de gráficas

G.1. Estrato de Asalariados/as	9
G.2. Actividade principal da empresa.....	11
G.3. Condición Xurídica	12
G.4. Acceso a Internet contratado.	16
G.5. Evolución. Empresas que teñen acceso a Internet contratado: Galicia e España...	16
G.6. Evolución. Empresas que teñen acceso a Internet contratado: Galicia e España...	16
G.7. Tipo de conexión a Internet- Acceso con Conexión Fixa.....	17
G.8. Evolución do tipo de conexión a Internet a través de acceso con conexión fixa: Evolución.....	17
G.9. Velocidade Contratada.....	17
G.10. Velocidade contratada:. Evolución. Empresas de 10 ou máis empregados/as con sede en Galicia.	18
G.11. Velocidade contratada:. Evolución. Empresas de 0 a 9 empregados/as.....	18
G.12. Empresas con acceso a Internet por banda larga móbil 3G ou superior.....	19
G.13. Empresas con acceso a Internet por banda larga móbil 3G ou superior. Empresas de 10 ou máis empregados/as: Galicia e España.....	19
G.14. Empresas con acceso a Internet por banda larga móbil 3G ou superior. Empresas de 0 a 9 empregados/as: Galicia e España.....	19
G.15. Persoal ao que se lle proporcionou un dispositivo portátil que permitía a conexión móbil a internet para uso empresarial.	20
G.16. Evolución do indicador. Persoal que ao que se lle proporcionou un dispositivo portátil que permitía a conexión móbil a internet para uso empresarial: Galicia e España.	20
G.17. Evolución do indicador. Persoal que ao que se lle proporcionou un dispositivo portátil que permitía a conexión móbil a internet para uso empresarial: Galicia e España	21
G.18. Empresas que utilizan algunha tipoloxía de software de código aberto.....	22
G.19. Empresas que utilizan algunha tipoloxía de software aberto. Empresas de 10 ou máis empregados/as: Galicia e España.	22
G.20. Empresas que utilizan algunha tipoloxía de software aberto. Empresas de 0 a 9 empregados/as: Galicia e España.....	23
G.21. Tipoloxía de software aberto.....	23
G.22. Empresas que empregan especialistas TIC.	24

G.23. Evolución do indicador. Empresas que empregan especialistas TIC: Galicia e España	24
G. 24. Evolución do indicador. Empresas que empregan especialistas TIC: Galicia e España	24
G. 25. Empresas que empregan especialistas TIC (tipoloxía)	25
G. 26. Empresas con mulleres especialistas TIC.....	26
G. 27. Evolución do indicador. Empresas con mulleres especialistas TIC: Galicia e España	26
G. 28. Evolución do indicador. Empresas con mulleres especialistas TIC: Galicia e España	26
G. 29. Persoal especialista TIC	27
G. 30. Mulleres especialistas TIC	27
G. 31. Porcentaxe de mulleres especialistas TIC	27
G. 32. Persoal especialista TIC (tipoloxía)	28
G. 33. Mulleres especialistas TIC (tipoloxía)	28
G. 34. Dispoñibilidade de Páxina Web.....	29
G. 35. Evolución do Indicador. Dispoñibilidade de Páxina Web: Galicia e España.....	29
G. 36. Evolución do Indicador. Dispoñibilidade de Páxina Web: Galicia e España.....	29
G. 37. Servizos dispoñibles na páxina web	30
G. 38. Empresas que permiten a realización de teletraballo por parte dos seus empregados/as	31
G. 39. Empresas que permiten a realización de teletraballo por parte dos seus empregados/as: Galicia e España.....	31
G. 40. Empresas que permiten a realización de teletraballo por parte dos seus empregados/as: Galicia e España.....	31
G. 41. Empregados/as que teletraballan regularmente	32
G. 42. Empregados/as que teletraballan regularmente: Galicia e España.....	32
G. 43. Empregados/as que teletraballan regularmente: Galicia e España.....	32
G. 44. Medios sociais	33
G. 45. Evolución do Indicador. Empresas que utilizaron medios sociais: Galicia e España	33
G. 46. Evolución do Indicador. Empresas que utilizaron medios sociais: Galicia e España	34
G. 47. Empresas que realizan analítica de datos por parte dos seus propios empregados.....	35
G. 48. Evolución do indicador: Empresas que realizan analítica de datos parte dos seus propios empregados	35

G. 49. Evolución do indicador: Empresas que realizan analítica de datos parte dos seus propios empregados	35
G. 50. Tipoloxía de analítica de datos que realizan as empresas por parte dos seus propios empregados	36
G. 51. Empresas que realizan analítica de datos por un terceiro.....	36
G. 52. Evolución do Indicador. Empresas realizan analítica de datos por un terceiro: Galicia e España	37
G. 53. Evolución do Indicador. Empresas que utilizaron Redes sociais (Facebook, LinkedIn, Twitter...): Galicia e España.....	37
G. 54. Ventas por Internet no último ano	38
G. 55. Evolución do Indicador Empresas que venderon a través de Internet no último ano. Comparación Galicia e España	38
G. 56. Evolución do Indicador. Empresas que venderon a través de Internet no último ano. Comparación Galicia e España	38
G. 57. Datos sobre vendas mediante comercio electrónico en función do total de vendas.....	39
G. 58. Vendas mediante páxinas web marketplace.....	40
G. 59. Vendas mediante páxinas web ou apps en función do total de vendas.....	40
G. 60. Distribución das vendas	41
G. 61. Distribución de vendas mediante páxinas web segundo a natureza do comprador	41
G. 62. Distribución de vendas mediante páxinas web segundo área xeográfica	42
G. 63. Distribución de vendas mediante páxinas web segundo tipo de produto.....	42
G. 64. Porcentaxe de empresas con vendas á UE por web ou apps que tiveron dificultades.....	43
G. 65. Porcentaxe de empresas con vendas á UE por web ou apps que tiveron dificultades.....	43
G. 66. Vendas mediante mensaxes tipo EDI	44
G. 67.. Porcentaxe de vendas mediante mensaxes tipo EDI.....	44
G. 68.. Distribución de vendas mediante mensaxes tipo EDI segundo a área xeográfica	44
G. 69.. Distribución de vendas mediante mensaxes tipo EDI segundo natureza do comprador.....	45
G. 70. Empresas que empregan Intelixencia Artificial (IA)	46
G. 71. Empresas que empregan IA: Comparación Galicia e España	46
G. 72. Empresas que empregan IA: Comparación Galicia e España.....	47
G.73. Solucións de IA nas empresas	47

G.74. Usos da IA nas empresas	48
G.75. Tipoloxía de paquetes de intelixencia artificial nas empresas.....	49
G.76. Empresas que consideraron adquirir algunha tecnoloxía de Intelixencia artificial	50
G.77. Evolución do indicador. Empresas que consideraron adquirir algunha tecnoloxía de Intelixencia artificial	50
G.78. Evolución do indicador. Empresas que consideraron adquirir algunha tecnoloxía de Intelixencia artificial	50
G.79. Empresas que no usan IA: Motivos para non utilizar IA	51
G.80. Compra de Servizos de Cloud Computing de pago.....	52
G. 81. Evolución do Indicador. Empresas que compraron servizos de Cloud Computing: Galicia e España	52
G. 82. Evolución do Indicador. Empresas que compraron servizos de Cloud Computing: Galicia e España	52
G. 83. Solucións de Cloud Computing: desglose	53
G. 84. Empresas que empregan medidas medioambientais: Galicia España	54
G. 85. Empresas que empregan medidas medioambientais: Galicia e España	54
G. 86. Reciclaxe das equipas TIC: Galicia e España.....	55
G. 87. Reciclaxe das equipas TIC: Galicia e.....	55
España	55
G. 88. Reciclaxe das equipas TIC. Evolución Indicador 2022-2025. Reciclan equipos tic en contenedores	55
G. 89. Reciclaxe das equipas TIC. Evolución Indicador 2022-2025. Manteñen os equipos TIC para repostos	56
G. 90. Reciclaxe das equipas TIC. Evolución Indicador 2022-2025. Devolven ou doan equipos TIC que non usan.....	56
G. 91. Reciclaxe das equipas TIC. Evolución Indicador 2022-2025. Reciclan equipos tic en contenedores	56
G. 92. Reciclaxe das equipas TIC. Evolución Indicador 2022-2025. Manteñen os equipos TIC para repostos	57
G. 93. Reciclaxe das equipas TIC. Evolución Indicador 2022-2025. Devolven ou doan equipos TIC que non usan.....	57
G. 94. Gasto en TIC das empresas durante o ano 2024.....	58
G. 95. Empresas que dispoñen de conexión a Internet segundo a actividade	61
G. 96. Velocidade de conexión contratada segundo a actividade.....	61
G. 97. Empresas que utilizan algunha tipoloxía de software aberto segundo a actividade	62

G. 98. Empresas que empregan especialistas TIC segundo a actividade	63
G. 99. Disponibilidade de Páxina Web segundo a actividade	64
G. 100. Disponibilidade de Páxina Web segundo o CNAE.....	64
G. 101. Empresas que permiten a realización de teletraballo por parte dos seus empregados/as segundo actividade.....	65
G. 102. Empresas que permiten a realización de teletraballo por parte dos seus empregados/as segundo o CNAE.....	65
G. 103. Uso dos medios sociais segundo a actividade	66
G. 104. Uso dos medios sociais segundo o CNAE.....	66
G. 105. Empresas que realizan analítica de datos por parte dos seus propios empregados segundo actividade.	67
G. 106. Empresas para as cales un terceiro realiza a analítica de datos segundo actividade.	67
G. 107. Empresas que venderon a través de Internet no último ano segundo a actividade	68
G. 108. Empresas que empregan Intelixencia Artificial (IA) segundo a Actividade	69
G.109. Compra de Servizos Cloud Computing segundo a Actividade	70
G.110. Compra de servizos de Cloud Computing segundo CNAE.....	70
G.111. Empresas que empregan sistemas ou solucións TIC para reducir o consumo de enerxía segundo a actividade	71
G.112. Empresas que empregan sistemas ou solucións TIC para reducir o uso de materiais ou fomentar o uso de materiais reciclados segundo a actividade	71
G.113. Empresas que dispoñen de conexión a internet segundo a provincia.....	74
G.114. Empresas que utilizan algunha tipoloxía de software de código aberto segundo a provincia.....	75
G.115. Empresas que empregan especialistas TIC segundo a provincia.....	76
G.116. Disponibilidade de Páxina Web segundo a provincia	77
G.117. Empresas que permiten o teletraballo segundo a provincia	78
G.118. Uso das Medios Sociais segundo a provincia	79
G.119. Empresas que realizan analítica de datos por parte dos seus empregados segundo a provincia.....	80
G.120. Empresas para las cales un terceiro realiza o análise de datos segundo a provincia.....	80
G.121. Empresas que venderon a través de Internet no último ano segundo a provincia	81
G.122. Empresas que empregan Intelixencia Artificial (IA) segundo provincia	82
G.123. Compra de servizos Cloud Computing segundo a provincia.....	83

G.124. Empresas que empregan sistemas ou solucións TIC para reducir o consumo de enerxía segundo a provincia 84

G.125. Empresas que empregan sistemas ou solucións TIC para reducir o uso de materiais ou fomentar o uso de materiais reciclados segundo a provincia 84

Índice de táboas

C.1	Empresas con sede en Galicia.....	9
C.2	Empresas con sede en Galicia.....	10
C.3	Estrato de Asalariados/as por Provincia.	10
C.4	Empresas con sede en Galicia.....	11
C.5	Número de días en término medio por semana no que os empregados/as teletraballan.....	32
C.6	Datos sobre vendas por comercio electrónico	39
C.7	Vendas mediante comercio electrónico en miles de €.....	39
C.8	Porcentaxe das vendas mediante páxinas web ou apps marketplace	40
C.9	Vendas mediante páxinas web en miles de €.....	41
C.10	Proporción das vendas mediante mensaxes tipo EDI	44
C.11	Vendas mediante mensaxes tipo EDI	44

ANEXO: DESCRICIÓN DE CNAES 2009

1. Total Industria:

1.1. Alimentación, bebidas, tabaco, textil, pezas de vestir, coiro e calzado, madeira e cortiza, papel, artes gráficas e reprodución de soportes gravados **(CNAE 10-18)**

1.2 Coquería e refino de petróleo, produtos farmacéuticos, caucho e plásticos, produtos minerais non metálicos **(CNAE 19-23)**

1.3 Metalurxia fabricación de produtos metálicos **(CNAE 24-25)**

1.4. Produtos informáticos, electrónicos e ópticos, material e equipo eléctrico, maquinaria e equipo, vehículos a motor, material de transporte, mobles e outras industrias manufactureiras, reparación de maquinaria e equipo **(CNAE 26-33)**

1.5. Enerxía e auga **(CNAE 35-39)**

2. Construción (CNAE 41-43)

3. Total Servizos: (excluídas CNAE 56: servizos de comidas e bebidas, CNAE 75 e financeiras)

3.1. Venda e reparación de vehículos de motor, comercio polo xunto e polo miúdo **(CNAE 45-47)**

3.2. Transporte e almacenamento **(CNAE 49-53)**

3.3. Servizos de aloxamento **(CNAE 55)**

3.4. Información e comunicacións **(CNAE 58-63)**

3.5. Actividades inmobiliarias **(CNAE 68)**

3.6. Actividades profesionais, científicas e técnicas (agás as veterinarias) **(CNAE 69-74)**

3.7. Actividades administrativas e servizos auxiliares (incluídas axencias de viaxes) **(CNAE 77-82)**

4. Sector TIC (261-264, 268, 465, 582, 61, 6201, 6202, 6203, 6209, 631, 951)



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Xacobeo  2027



OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA